Federación Galega de Natación
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 – A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

Estimado Sr. presidente/a:

Como sabes, a nosa Federación atópase inmersa nun proceso de electoral para elixir a composición da súa Asemblea Xeral para o período 2018-2022. Segundo o estipulado no artigo 18 do Regulamento Electoral e na Resolución 11/18 desta Xunta Electoral, as Entidades Deportivas representarán un total de 52 membros da Asemblea Xeral. Ao coincidir o número de Entidades Deportivas a elixir co de Clubs que están inscritos na nosa Federación e co fin de facilitar e axilizar ao máximo este proceso, esta Xunta Electoral resolveu que non fará falla que cada Entidade presente a súa candidatura, xa que, en virtude do disposto no artigo 19 do Regulamento todos os Clubs formarán parte do máximo órgano da nosa Federación.

Nembargantes para garantir o dereito de todos os Clubs a "non presentarse", aqueles que non desexen formar parte da Asemblea Xeral poderán manifestalo ante nós para seren eliminados **antes do 9 de outubro**; ben por correo electrónico: xunta.electoral@fegan.org ou por correo postal dirixido á Xunta Electoral na seguinte dirección: Avda. de Glasgow nº 13, 15008 A Coruña.

Ficando á vosa disposición para o que precisedes, un cordial saúdo deportivo.

A Coruña, 3 de outubro de 2018

O secretario da XE,

Asdo.: Aitor Bouza Manso

Vto. e prace: o presidente,

Asdo.: Pedro L.Fernández Pombo